

FRACTURA Nº 2

<http://grupodeaxitacionsocial.blogspot.com/> SETEMBRO 2012

Dende sempre os seres humanos nos desprazamos de xeito natural respondendo a diferentes razóns, tanto individuais coma colectivas.

No presente, gran parte destes desprazamentos están forzados polo empobrecemento, guerras, represión ou destrución do territorio provocadas pola alianza entre estados, multinacionais e banca na busca da maximización de beneficios característica do sistema capitalista no que vivimos.

Isto acontece ao mesmo tempo que nos territorios "destino" se reforan as fronteiras tanto visíbeis, en forma

de muros e valados, como as invisíbeis, barreiras ás que se teñen que enfrontar as persoas inmigrantes de xeito permanente na súa vida cotiá, dende as derivadas do rexeitamento das sociedades de acollida, até as impostas dende os estados, en forma de lexislacións e trabas burocráticas.

As leis de estranxeiría, as políticas de fronteiras da Europa Fortaleza, etc. teñen como única finalidade estigmatizar e excluír como persoas con plenos dereitos ás migrantes. Non pretenden impedir por completo a entrada de persoas sen visado ou expulsalas a todas.

Moi ao contrario, o que queren é que haxa unha reserva permanente de persoas que non teñan seguridade, que vivan con esa ameaza permanente que facilite a súa mellor explotación sen que reclamen os seus dereitos. Deste xeito, aprovéitase a súa situación para exercer presión sobre as condicións de traballo xerais, coa chantaxe de que hai quen o fai por menos e sen protestar.

Pero ao mesmo tempo, dende os gobernos que a provocan téntase presentar as persoas inmigrantes como as culpábeis desa situación e do resto dos males da sociedade en xeral.

Porén, sabemos que non son elas quen roubaron os nosos aforros, as que se apropiaron do produto do noso traballo para o seu enriquecemento ou tentan reducir a nosa calidade de vida a unha situación de escravitude.

A vía para loitar contra esta trampa que pretende deixar a persoas coma nós fóra da sociedade, sinaladas coma culpábeis de ser pobres e de consumir a nosa riqueza, é traballar sobre a solidariedade, construír unha sociedade da cooperación e romper eses argumentos falsos que alimentan o racismo e xustifican as agresións.

RACISMO SANITARIO

O goberno do PP aprobou o **Real Decreto Lei 16/2012** que ten por finalidade, segundo a ministra, aforrar centos de millóns de euros na sanidade. **Un decreto que pon de relevo a habitual xenofobia e desprezo pola vida humana característico dos gobernos do estado español.**

Os recortes que impón implican que as persoas inmigrantes maiores de idade en situación irregular só serán atendidas en urxencias e nos supostos de embarazo, parto e posparto. Igualmente, persoas con nacionalidade española como as maiores de 26 anos que non cotizasen verán dificultado o seu acceso ao dereito á saúde.

A reforma suporá a interrupción de tratamentos e seguimentos e significará a imposibilidade de acceder ao medicamento preventivo e a diagnósticos médicos para miles de persoas.

Ademais, para persoas con "plenos dereitos sanitarios" establécese o "copago" sanitario. É dicir, pagarase polo tratamento farmacéutico en hospitais, polas próteses, polas dietas específicas durante a estancia hospitalaria e polo transporte sanitario non urxente, antes servizos "gratuítos" (pagados xa vía impostos, retencións, etc.).

Buscan segregarse e culpar as persoas pobres e inmigrantes das fallas do sistema sanitario e dos problemas económicos que ten o estado, mentres se obvia a corrupción xeneralizada nas institucións públicas, a especulación dos seus aliados da banca e os negocios das multinacionais e as grandes fortunas ás que lles permiten evadir impostos sen control.

Aseguran dende o ministerio que a asistencia será suplida polo labor de ONG's (volver de novo á antiga beneficencia e hospicios?), por suposto sen dar datos de como se vai financiar iso.

A nivel social, estudos como o que fixo recentemente Médicos do Mundo constatan que só a xenofobia do

goberno xustifica que se achegue ás migrantes o gasto sanitario, tendo en conta que só o 38% dispoñía até agora de tarxeta sanitaria e prácticas como o "turismo sanitario" nada teñen que ver con elas, e si cunha mala coordinación entre países da Unión Europea. As persoas inmigrantes, comparadas coas do estado español, van menos ao médico, consomen menos fármacos e visitan case a metade de veces o seu Centro de Saúde.

Estes grupos de poboación non van recibir vacinas e non se van previr nin detectar as enfermidades con prontitude.

A falta de atención sanitaria en patoloxías crónicas nunha primeira instancia provocará complicacións que requirirán a vía de urxencias hospitalarias, incrementando a presión asistencial e, en última instancia, probablemente máis casos de ingresos hospitalarios, o que supón un maior gasto final.


A poboación en xeral sentirá ademais os efectos da falta de control de enfermidades de transmisión, ao tempo que as persoas que as padecen verán moi diminuída a súa calidade de vida e esta estará en permanente risco ao non poder acceder a uns medicamentos moi caros.

Ante esta situación, asociacións de Médicos de Familia avisan das súas intencións de obxectar ás directrices do goberno e a seguir atendendo os pacientes que non estean regularizados, pero a realidade é que o 1 de setembro este RDL entrará en vigor e debe ser unha batalla permanente de todas nós botalo abaixo e evitar que se aplique.



OS CIES

En Europa hai 280 centros de retención para inmigrantes con expediente sancionador de expulsión, 600.000 persoas (incluídas menores) pasan cada ano por eles. Nove destes centros atópanse no estado español e o número de persoas retidas ao ano flutúa entre 13.000 e 16.000. Segundo a lei é unha medida cautelar, é dicir, só se interna para expulsar; pero a realidade é que menos da metade son finalmente expulsadas.



Os CIEs SON AUTÉNTICAS PRISIONS PARA PERSOAS QUE NON COMETERON NINGÚN DELICTO

Ao longo destes anos numerosas ONGs, asociacións legais, así como o "Defensor del Pueblo", elaboraron e difundiron informes cuestionando o funcionamento destes centros, denunciando numerosas deficiencias así como inxustizas xeneralizadas:

- Irregularidades en materia de tutela xudicial das persoas, dificultando o acceso á asistencia legal e a intérpretes para que coñezan os seus dereitos.
- Vulneración do dereito ao asilo e ao refuxio, xa que se deporta a persoas que foxen de violacións dos dereitos humanos no seu país de orixe.

- Habituais denuncias de torturas, malos tratos e abusos sexuais cometidos polos axentes de seguridade e policía e resoltos con expulsións express das testemuñas ou vítimas.

- Interrogatorios policiais de dúbida legalidade (obrigando a cacheos e

espídos integrais sistemáticos).

- Deficiencias no dereito á saúde, polas pésimas condicións de hixiene e salubridade e polo escaso acceso a prestacións sanitarias e asistencia social.

- Graves faltas de medios, sistemas de protección de incendios inoperantes, sistemas de videovixilancia defectuosos en zonas comúns (aínda que pareza contradictorio, neste caso, é unha garantía para evitar malos tratos ou ter probas dos mesmos).

- Violación do dereito á intimidade e integridade, ao ter que compartir dormitorios pequenos con 6 ou 8 persoas, divididos por reixas e sen lavabos nos cuartos nin acceso a eles pola noite.

Hai uns meses o ministro de interior anunciou a elaboración dunha normativa específica para o funcionamento destes centros, algo que viría a suplir o baleiro legal que durante 14 anos permitiu a súa existencia á marxe do dereito constitucional.

Ademais, anunciouse o peche do CIE "Capuchinos" de Málaga (o centro que acumulaba máis denuncias) polo grave deterioro das súas instalacións.

En calquera caso é pouco probable que a adaptación á "legalidade" dos CIE's supoña grandes beneficios para as migrantes, toda vez que as políticas enfocadas ao "problema da inmigración", tanto locais como impostas por Europa, parecen sempre marcadas pola excepcionalidade e o fomento da segregación (redadas pola cor da pel, detencións aleatorias, expulsións express, denegacións sistemáticas de asilos políticos, internamento de persoas enraizadas nas nosas comunidades durante anos, que tras perder o traballo pasan a estar en situación irregular...).

O único paso xusto para camiñar cara a unha sociedade sa, sería a desaparición total destes centros penais de retención e o recoñecemento do dereito á libre circulación das persoas dentro e fóra dos estados.

NINGUNHA PERSOA É ILEGAL!